



# Polypodium vulgare

 Fento dos valos

O fento dos valos ou fento das pedras (*Polypodium vulgare* L.) é unha especie de fifeito da familia Polypodiaceae.



## Fento dos valos



### Clasificación científica

Reino: Plantae  
División: Pteridophyta  
Clase: Polypodiopsida  
Orde: Polypodiales  
Familia: Polypodiaceae  
Xénero: Polypodium  
Especie: P. vulgare

### Nome binomial

*Polypodium vulgare*  
L.

## Descrición



SOROS

Esta especie ten un rizoma rastreiro bastante grosso que se estende sobre as rochas e os troncos das árbores ademais de medrar no chan. As frondes, perennes e duns 30 cm de longo, nacen en pecíolos sarmentosos de semellante lonxitude. As pínnulas (folíolos) son ás veces dentadas e poden tornarse cristadas. Os soros (un soro é un grupo de esporanxios) son redondeados, ás veces con pelos glandulares, dispostos en dúas filas aos lados do nervio central de cada segmento foliar, de cor alaranxada que despois remata en castaño. Madura no verán.

## Hábitat

Zonas rochosas e sombrizas, fragas, muros, preferindo os sitios ricos en materia orgánica e acedos.

## Distribución

Esta especie é de ampla distribución en América do Norte, Europa, África e Asia.



Os fentos, feitos, feitos ou felgos son plantas vasculares agrupadas na división Pteridophyta.

O grupo fórmano unhas 12.000 especies de plantas que, coma os musgos, teñen xilema e floema (sendo logo consideradas plantas vasculares). Teñen talos, follas e raíces como as outras plantas vasculares.

A diferenza é que non teñen flores nin producen semente, ao se reproduciren por esporas. Están formados por un rizoma carnoso e follas grandes ás veces moi divididas: as frondes.

O grupo de fentos máis amplo con diferenza é Polypodiopsida, pero os fentos como aquí se definen (chamados tamén monilofitos) inclúen as xestelas (xénero Equisetum), o xénero Psilotum, a familia das maratiáceas, e a das ofioglosáceas. O termo pteridophyte tamén se refire a outras plantas vasculares que non son en si "fentos" (ver clasificación na sección de abaixo).

Os fentos aparecen en rexistros fósiles de hai 360 millóns de anos, no Carbonífero, porén moitas das familias e especies que hoxe en día existen non apareceron até hai aproximadamente 145 millóns de anos, ao comezo do Cretáceo (despois de que as plantas con flores comezaran a dominar o ambiente).

Os fentos non teñen moita importancia económica, aínda que algúns son comestíbeis, poden ser usados como ornamentais, para restauración de solos contaminados ou incluso para limpar o ar pola súa capacidade de retirar contaminates químicos do ar. Algúns considéranse herbas daniñas. Xogan tamén un papel importante na mitoloxía, na medicina e na arte.

O máis estendido dos fentos é o fento común (*Pteridium aquilinum*), moi abondoso en Galicia, por exemplo nas carballeiras onde forman estensas superficies. Emprégase como estrume. Segundo a área xeográfica recibe diferentes nomes: feito, fieito, felgo, felga, fenta, feita, folgueiro, folgueira, fulgueiro, fulgueira, folgueirón, cento, fiento, ciento, faínto, feínto, fuento, fenta, afeto, foieto, foieto, fuleto, fuleiro e felecho.



